

## B.- A REVOLUCIÓN FRANCESA

A *Revolución francesa* desenvolveuse entre os anos 1789 e 1799. Considérase o punto de partida da Historia Contemporánea e pode estudarse como un modelo das restantes revolucións burguesas, pero sería un erro pensar que foi un feito illado, xa que a súa existencia debe inscribirse dentro dun *ciclo revolucionario burgués* que arrancou coa Guerra de Independencia dos Estados Unidos de Norteamérica en 1775 e estendeuse aproximadamente ata 1850.

A revolución de 1789 tivo unha enorme influencia dentro e fóra de Europa. Aínda que o período revolucionario rematou en 1799, as ideas revolucionarias proxectáronse moito máis aló tanto no tempo como no espazo, influíndo nos movementos revolucionarios que provocaron a **desaparición do absolutismo e dos privilexios estamentais** e a implantación en Europa e América de **réximes políticos liberais** durante o século XIX.

? 10.- Por que foi **importante** a Revolución francesa?

*Liberté  
Égalité  
Fraternité*



# B.- A REVOLUCIÓN FRANCESA



10.- Por que foi **importante** a Revolución francesa?



## B.1.- CAUSAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA

► A CRISE ECONÓMICA E FINANCEIRA: Nos anos anteriores a 1789 Francia atopábase nunca profunda crise económica determinada por factores diversos como a decadencia do sector agrícola, base da economía do país: o atraso tecnolóxico provocaba a crecente diminución das rendas dos propietarios e aumentaba os problemas dos campesiños, e isto viuse agravado cunha nova crise de subsistencia desde mediados da década de 1780, que fixo subir o prezo do trigo, de xeito que moitos franceses comezaron a pasar fame. A carestía provocou tamén a redución do consumo de produtos artesanais, polo que moitas familias perderon o seu traballo, o que fixo aumentar o descontento dos grupos populares urbanos.

Outro factor foi o continuo aumento dos gastos do Estado (axuda económica prestada aos rebeldes norteamericanos na súa guerra contra Gran Bretaña, derroche esaxerado de diñeiro por parte do rei e da corte real...). Como consecuencia do anterior desencadeouse unha crise financeira centrada basicamente na quebra da Facenda real, é dicir, o Estado francés non dispoñía de cartos suficientes para afrontar as súas necesidades.

*Unha das maneiras de solucionar o grave déficit do Estado era unha reforma fiscal que obrigase aos privilexiados a pagar impostos, pero...*

### **Déficit do Estado francés en 1788**

<b>Partidas presupostarias</b>	<b>Millóns de libras francesas</b>
<b>Gastos civís (corte e privilexiados, ...)</b>	<b>145</b>
<b>Gastos militares e diplomáticos</b>	<b>165</b>
<b>Débeda pública</b>	<b>318</b>
<b>Total de gastos</b>	<b>628</b>
<b>Total ingresos</b>	<b>503</b>
<b>Déficit</b>	<b>125</b>



► **A CRISE SOCIAL**: A Revolución francesa foi **o resultado dun proceso de confrontación social**. Esta situación de enfrontamento quedou moi ben reflectida en documentos da época como os “*cadernos de queixas*”, compostos polas listas de peticións ou reclamacións que os estamentos presentaban a través dos seus representantes para o seu debate nos *Estados Xerais* (Cortes francesas do Antigo Réxime).

- Por unha parte estaba o **descontento dos estamentos privilexiados**, debido ás dificultades económicas orixinadas polos seus abundantes gastos e a diminución no volume das súas rendas provocada pola crise da agricultura.
- Por outra parte estaba o **descontento do Terceiro Estado** ante o predominio social da nobreza e clero, unha minoría privilexiada totalmente improdutiva.


◆ Dentro do estamento non privilexiado **a burguesía**, moi influída polas propostas políticas da Ilustración, **quería un cambio político** que lle permitira acceder ao goberno e participar dos privilexios da nobreza. Sería a principal protagonista da Revolución francesa.

◆ **Os campesiños**, case sempre sometidos aos privilexiados propietarios das terras que traballaban, **pretendían a abolición do réxime feudal** e a súa liberación.

◆ **Os grupos populares urbanos**, que en París recibían o nome despectivo de “*sans-culottes*” (sen calzóns), **aspiraban a que se producira un cambio que lles permitira mellorar as súas pésimas condicións de vida** (sen traballo, falta de alimentos...)



► **A CRISE POLÍTICA**: Debeuse sobre todo á debilidade da monarquía e **á crise do goberno**. O teórico poder absoluto do rei atopábase na realidade con moitas limitacións: os nobres posuían enteira xurisdición nos seus dominios; o goberno era corrupto e ineficaz; os fracasos en política exterior eran continuos... Todo isto reducía cada vez máis o prestixio e a autoridade da monarquía francesa. Ademais habería que engadir a crecente influencia das ideas revolucionarias tomadas da Ilustración, propagadas por diversos medios: a difusión da Enciclopedia, a prensa ou a transmisión oral, a presenza de cidadáns franceses na Guerra de independencia de EE.UU. etc.



*Luis XVI, descendente do rei absolutista Luis XIV, era o rei de Francia cando comezou a Revolución. Era tímido e “tontón” máis que malo ou cruel, pero prefería cazar a gobernar, e non foi quen de ver a desesperación e a fame do seu pobo. A súa muller, María Antonieta, pouco querida polo pobo, tamén era amante do pracer como o seu home. A imaxe dos reis era cada vez peor debido á súa incoveniente vida luxosa.*

*Luis XVI foi perdendo apoios entre o pobo, pois as reformas non prosperaban, e entre os privilexiados, que temían perder poder ante o avance das ideas ilustradas.*

? **11.-** Realiza un esquema das **causas** da Revolución francesa.

## A.1.- CAUSAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA

? 11.- Realiza un esquema das **causas** da Revolución francesa.


*O déficit era de 17 millóns a finais de 1776, e desde esa data e ata finais de 1786 pedíronse prestados 1250 millóns (...)*

*Cales poden ser os medios máis eficaces para remediar esta situación? Continuar solicitando empréstimos sería agravar o mal e precipitar a ruína do Estado. Aumentar os impostos sería angustiar ao pobo que o rei quere aliviar (...)*

*É preciso economizar, sen dúbida; pero a economía por si soa, sería insuficiente (...)*

*Os abusos que se trata hoxe de abolir para a salvación pública son os máis protexidos, os que teñen raíces máis profundas. Tales son os abusos cuxa existencia pesa sobre a clase produtiva e laboriosa: os abusos dos privilexiados.*

Discurso pronunciado polo ministro Calonne ante a Asemblea de Notables o 22 de febreiro de 1787.



*Nas sociedades preindustriais, as oscilacións do prezo do trigo reflicten moi ben a existencia de conflitos e crises económicas. Na imaxe, pode comprobarse as consecuencias da grave crise de subsistencia causada polas malas colleitas dos anos anteriores á Revolución, o prezo do trigo duplicouse e o do pan chegou a triplicarse, o que xerou o malestar dos grupos populares e o espertar dun espírito de rebeldía.*



## *O descontento da burguesía*

*Os burgueses recibían mellor educación que os nobres, pero estes, por nacemento e riqueza, obtiñan os primeiros postos do Estado sen teren mérito nin talento, mentres os burgueses estaban destinados a esmoreceren en empregos subalternos. (...)*

*A burguesía era superior en riquezas, talento e mérito persoal (...) e, aínda que sentía esta superioridade, en todas partes era humillada...*



*Gravado do s.XVIII, Biblioteca do Arsenal, París. Mostra como a nobreza e o clero mantiñan en estado de opresión ao resto do pobo, afogados polo pago de impostos, o dezmo...*



## B.2.- O COMEZO DA REVOLUCIÓN

Ante a grave situación financeira do Estado francés, os ministros de Facenda de Luis XVI (Turgot, Calonne, Necker) intentaron desde 1783 facer unha **reforma fiscal que eliminase ou reducise os privilexios fiscais da nobreza e o clero**. O rei convocou en 1787 unha assemblea de notables para intentar convencerlos da necesidade de que participasen no pago de impostos, pero non o logrou (*revolta dos privilexiados*).

A negativa dos privilexiados a pagar impostos obrigou a Luis XVI a **convocar os Estados Xerais**, (Cortes francesas de orixe medieval, na que tiñan representación os tres estamentos), que non se convocaban desde 1614 e era a única assemblea que podía aprobar novos impostos.

O rei convocou os Estados Xerais para o mes de maio de 1789 en Versalles. Os electores foron entregando aos seus representantes os **Cadernos de queixas** (*Cahiers de doléances*) que debían levar á reunión. O malestar da poboación quedou reflectido nos máis de 60000 cadernos que reuniron por todo o país os representantes do Terceiro Estado para enviar as súas peticións ao rei: os campesiños rexeitaban o dezmo e os abusos feudais; os grupos populares urbanos queixábanse da carestía da vida e a falta de traballo; os burgueses estaban fartos de soportar as cargas fiscais, da falta de representación política, ...





**Os representantes do Terceiro Estado**, a maioría burgueses, **esixiron que as reunións fosen conxuntas e que se votase por individuo e non por estamento**. O seu obxectivo era facerse co control das decisións que se tomasen, pois eran maioría numérica; pero se o voto se mantiña por estamento, o control seguiría sendo da nobreza e o clero.

Ante a negativa dos privilexiados, os representantes do Terceiro Estado, decidiron abandonar a reunión e formar unha **Asemblea Nacional**, á que consideraban como a única representante lexítima do pobo francesa e, polo tanto, depositaria da *soberanía nacional*.

Luis XVI ordenou disolver a Asemblea, pero os representantes do Terceiro Estado, co apoio dunha minoría do clero e da nobreza decidiron reunirse o 20 de xuño de 1789 nun pavillón de Versalles, a **Sala do Xogo da Pelota** (*Jeu de Paume*), onde xuraron non se separar ata que Francia tivese unha **Constitución**. A *Asemblea Nacional* pasou a denominarse **Asemblea Nacional Constituínte**.

? 12.- Define os seguintes conceptos: *Sans-culottes*, *Estados Xerais*, *Cadernos de Queixas*, *Asemblea Nacional*.

*Representantes do Terceiro Estado reunidos na Sala do Xogo da Pelota.*






## B.2.- O COMEZO DA REVOLUCIÓN

? 12.- Define os seguintes conceptos: *Sans-culottes*, *Estados Xerais*, *Cadernos de Queixas*, *Asemblea Nacional*.



O termo “**sans-culottes**” procede da prenda de vestir (*culotte*) que portaban a finais do s.XVIII os grupos acaudalados de Francia e que, pola contra, non era utilizado polos grupos populares menos acomodados, que o substituían por pantalóns longos e anchos, de raias azuis e brancas. Estes grupos eran os que padecían con maior intensidade a crise económica que sufría Francia e convertéronse en protagonistas da Revolución.

Os **Estados Xerais** son unha institución francesa de orixe medieval que reunía ante o rei aos representantes dos tres estamentos: nobreza, clero e Terceiro Estado. Cada estamento tiña un voto. Os reis do Antigo Réxime poucas veces convocaron ás Cortes; eran unha asemblea excepcional, que os reis reunían cando querían tomar decisións, particularmente en materia fiscal.





## *Caderno de Queixas de Valençay*

*Os habitantes que compoñen o Terceiro Estado desta cidade e parroquia de Valençay en Berry, suplican moi humildemente á Súa Maxestase (...)*

*Que sería necesario suprimir a talla, a capitación e os dous vixésimos. Para substituír todos estes impostos suprimidos, o goberno establecería un dereito (imposto) único (...) facendo contribuír aos eclesiásticos e aos nobres, que deben estar suxeitos a el, igual que o Terceiro Estado (...)*

*Que para pagar as débedas do Estado, non habería outra saída que apoderarse (nacionalizar) de todos os bens dos frades e monxes que actualmente son inútiles para o servizo divino. (...)*



*“Formulámonos tres preguntas:*

*Que é o Terceiro Estado? Todo. Que foi ata o presente na orde política? Nada. Que pide? Chegar a ser algo.*

*Quen se atrevería a dicir que a xente do común non contén en si todo o necesario para formar unha nación completa? É un home forte e robusto cun brazo aínda encadeado. Se se suprimise a orde dos privilexiados, a nación non sería algo menos, sería algo máis. Que é o Terceiro Estado? Todo, pero un todo atado e oprimido. Que sería sen a orde dos privilexiados? Todo, pero un todo libre e florecente. Nada pode funcionar sen el, todo iría infinitamente mellor sen os outros”.*


E.J.Sieyès: “Que é o Terceiro Estado?”, 1789





O **14 de xullo de 1789**, ante o aumento do prezo do pan e os rumores de que o rei concentraba as tropas arredor de París e Versalles e pretendía disolver a Asemblea, o pobo de París **asaltou a Bastilla**, prisión real e símbolo do absolutismo.

A **Revolución popular** estendeuse ao campo, os labregos asaltaron os castelos e as propiedades dos Señores e pedían que a *Asemblea* decretase a abolición dos dereitos feudais.



- ? 13.- Por que é importante o **14 de xullo** para Francia?  
14.- Cales son o **lema** e os **símbolos** da Revolución?



? 14.- Cales son o **lema** e os **símbolos** da Revolución?



Os *sans-culottes* usaban o **gorro frixio**, símbolo da liberdade, que formaba parte do atuendo dos escravos liberados en Roma e Grecia. A **pica** simboliza o pobo en armas. A **escarapela** era o símbolo que representaba a unión entre o pobo e o rei; o branco era a cor real e o azul e o vermello as cores do pobo de París.



*Liberté • Égalité • Fraternité*

